

| Código do posto | Denominación | Forma prov. | Grupo | Categoría | Titulación académica | Formación específica | Complemento singularidade | Observacións |
|-------------------------|-----------------------|-------------|-------|-----------|----------------------|----------------------|---------------------------|--------------|
| VP.C99.30.101.36001.034 | TERAPEUTA OCUPACIONAL | C | II | 20 | | | | B10 // B18 |
| VP.C99.30.101.36001.035 | TERAPEUTA OCUPACIONAL | C | II | 20 | | | | B10 // B18 |

CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS TITULACIÓNS ACADÉMICAS

| | |
|------|-----------------------------------|
| 2001 | ARQUITECTURA SUPERIOR |
| 2022 | LICENCIADO EN CIENCIAS ECONÓMICAS |
| 2062 | LICENCIADO EN DEREITO |
| 3001 | ARQUITECTURA TÉCNICA |
| 3015 | ARQUITECTURA SUPER. OU TÉCNICA |

CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS FORMACIÓNS ESPECÍFICAS

| | |
|-----|---|
| 020 | COÑECEMENTOS INFORMÁTICA NIVEL USUARIO. |
| 641 | PARA PERSOAL DOUTRA ADMINISTRACIÓN, CURSO DE INICIACIÓN DE GALEGO (R.I.). |

CÓDIGO - DESCRICIÓN DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS

| | |
|-----|---|
| A11 | ADSCRICIÓN INDISTINTA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA, ESTADO E CC.AA. |
| AXG | ADSCRICIÓN EXCLUSIVA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA. |

CÓDIGO - DESCRICIÓN DOS COMPLEMENTOS SALARIAIS

| | |
|-----|--|
| B10 | COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE POR PERIGOSIDADE. |
| B12 | COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE DE RESPONSABILIDADE. |
| B18 | COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE POR PENOSIDADE. |

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Orde do 7 de xaneiro de 2009 pola que se fixan as cantidades actualizadas das subvencións por gastos electorais para as eleccións ao Parlamento de Galicia que se celebrarán o día 1 de marzo de 2009.

O Decreto 1/2009, do 5 de xaneiro, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións, establece no seu artigo 2, a convocatoria dos devanditos comicios para o vindeiro día 1 de marzo.

Por outra parte, a Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, modificada pola Lei 15/1992, do 30 de decembro, e pola Lei 12/2004, do 7 de decembro, refírese no seu artigo 44 ás subvencións da Comunidade Autónoma para os gastos electorais, determinando no punto 4º: «As cantidades mencionadas nos puntos anteriores refírense a euros constantes. A Consellería de Economía e Facenda fixará as cantidades actualizadas nos cinco días seguintes ao da convocatoria de eleccións».

Para o cálculo das cantidades previstas para o ano 2009 aplícase, ás contías fixadas na Orde do 26 de abril de 2005, o IPC acumulado desde xuño de 2005-marzo de 2009, que se prevé que será do 11,10%.

Na súa virtude,

DISPOÑO:

Artigo único.-As cantidades a que se refire o artigo 44 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, modificada pola Lei 15/1992, do 30 de decembro, e pola Lei 12/2004, do 7 de decembro, unha vez actualizadas, serán as seguintes:

1. Subvención de dezanove mil catrocentos trece euros e sesenta e seis céntimos (19.413,66 euros), por cada escano obtido.

2. Subvención de setenta e dous céntimos (0,72 euros), por cada un dos votos acadados por cada candidatura, se polo menos un dos membros dela obtivo escano de deputado.

3. Ademais das subvencións ás cales se refíren os puntos anteriores, a Comunidade Autónoma subvencionará os partidos, federacións, coalicións e agrupacións de electores, polos gastos ocasionados polo envío directo e persoal aos electores de sobres e papeletas electorais ou propaganda e publicidade electoral, a razón de vinte céntimos de euro (0,20 euros) por elector, sempre que a candidatura de referencia obteña representación.

4. O límite dos gastos electorais nas eleccións ao Parlamento de Galicia será o que resulte de multiplicar por cincuenta e oito céntimos de euro (0,58 céntimos) o número de habitantes correspondentes á poboación de dereito da circunscrición onde presente as súas candidaturas cada partido, federación, coalición ou agrupación de electores.

Non se incluírán dentro dos límites dos gastos electorais as cantidades subvencionadas de acordo co disposto no punto 3 anterior.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2009.

José Ramón Fernández Antonio
Conselleiro de Economía e Facenda

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas para a creación e mellora de empresas de comercialización e transformación de produtos forestais e se convocan para o exercicio orzamentario 2009.

A Consellería do Medio Rural publicou o 11 de xaneiro de 2008 a Orde do 28 de decembro de 2007